

XUÑO
2022



Aínda que hai moitos días importantes no mes de xuño, aquí falaremos de dous que teñen moito que ver coa Unidade Pastoral de Os Cotos.

15 de XUÑO

Día Mundial de toma de conciencia do abuso e maltrato na vellez.



O Obxectivo é concienciar e denunciar o maltrato, abuso e sufrimento aos que son sometidos moitos anciáns en distintas partes do mundo.

Este día parécenos moi curioso, xa que todos de algunha maneira chegaremos a ese día e non nos gustaría que nos tratan dunha forma nada apropiada. Xa que se non queremos que nos traten mal cando sexamos maiores non tratemos mal nós aos maiores. *“Trata aos demais como queres que te traten a ti”.*

Non deixemos tirada a ningunha persoa maior se non queremos que nos deixen tirados a nós cando sexamos maiores.

20 de XUÑO

Día mundial do refuxiado

Non diremos moito pois cremos que todos sabemos que é e que se fai. Facer visible e axudar a millóns de persoas que viven en condición de refuxiados, desprazados á espera de asilo noutros países debido aos conflitos armados, de violencia e persecución dos cales son obxecto nas súas nacións de orixe.



“Un contiño para vivir”**“Pequenas grandes fortunas”**

Xa fai 27 anos que tiven a gran fortuna de coñecer un pobo alonxado do mar e cargado de verde por todas as súas sendas, dese verde que ule a xesta, a carballo, a chan fumeante cando despois de varios soleados días o orballo aparece. Esa é unha desas pequenas fortunas pero non a única.

Coñecer a persoas que saborean o feito dunha parolada sen presas, dunha invitación para tomar un café e preguntar como vas, dun saber da familia, persoas que mostran a súa cercanía e tamén o seu xeito de coñecerte pouco a pouco; cos anos fanse amigos que están para o que se precise e que non se conforman con aparecer cando toca festa.

Outra das grandes fortunas é coñecer a tres persoas que co seu enfoque de Igrexa fixo que entendese realmente o sentido da comunidade, do estar facendo camiño ao estar á beira dos enfermos, dos que están sós, dos que necesitan tan só contar contos, desaforar a súa alma, facer comunidade compartindo momentos de festa, de alegrías, de estar cos pequenos na catequese ou nunha excursión. Eles nos guían por unha senda antes percorrida por EL, na que nos tropezaremos pero teremos unha man ao lado que nos ergue, na que nos cansaremos pero sentiremos esa forza que nos tira para adiante, na que gozaremos e sufriremos, pero unha senda na que tivemos e temos a fortuna de contar con Eles. Grazas por marcar o noso camiño: Lence, Gonzalo e Andrés.

Telos a eles iso si que é unha grande fortuna.

Intenta
descifrar
o texto

C3R7O D14 D3 V3R4N 3574B4 N4 PR4I4 O853RV4NDO
DOU5 N3NOS 8R1NC4NDO N4 4R34, 357484N
7R484LL4NDO MO1TO CON57RUINDO UN C4573LO
D3 4R34 CON 7ORR35.

SANTO/a PARA O MES
en xuño, día 3,
CARLOS LWANGA

Nome de orixe xermánica “Karl”, que significa “varón, forte, viril, home”. Latinizouse en Carolus para designar ao home libre sen bens. Posteriormente designaba ao mestre ou mordomo dun pazo, entre os reis francos, e de aí chegou a constituírse nun título.

Trátase dun nome moi popular en varios países e épocas. Foi o nome de sete soberanos do Sagrado Imperio Romano, de sete emperadores de Alemaña, de cinco reis de España, sete de Francia, dous de Inglaterra, un de Portugal, e de persoaxes como Carlomagno.

San Carlos Lwanga foi un dos 22 mártires ugandeses mortos entre 1885-1887 por non someterse aos caprichos do rei Mwangi.

CONSELLO



**“ A alegría de observar
e comprender a natureza
é o agasallo máis fermoso”
Albert Einstein”**



Días curiosos do mes de xuño



1 de Xuño. Día nacional do donante de órganos e tecidos
É un instrumento legal aprobado no ano 1979 polas cortes xerais españolas. Consiste na extracción dun órgano ou tecido do corpo dunha persoa recién falecida ou un donante vivo, para implantalo en substitución dalgún órgano ou tecido dunha persoa viva.

A doazón de órganos e tecidos considérase un acto altruísta que pode salvar ou mellorar a vida de outras persoas.

4 de xuño. Día dos nenos vítimas inocentes de agresión

Proclamado así pola Asemblea Xeral das Nacións Unidas para pretender conseguir a protección dos nenos en situación de guerras e conflitos.



Os nenos son os máis vulnerables neste tipo de situacións e reciben todo tipo de agresións físicas, psicolóxicas e emocionais. O obxectivo final é acadar un lugar seguro para que os nenos onde poidan medrar e desenvolverse como persoas íntegras, sen o sufrimento e a dor que implican as guerras e conflitos.

Irónico, xa que non se para de provocar guerras.



Unhas palabras do Papa Francisco

Así o dixo na canonización
de 10 novos santos da Igrexa Católica

“Todos estamos chamados a servir o evanxeo e os irmáns e ofrecer a nosa propia vida desinteresadamente, sen buscar ningunha gloria mundana”.

“Amar consiste en servir e dar a vida. Servir significa non antepor os propios intereses, desintoxicarse dos velenos da avidez e a competición, combater o cancro da indiferenza e a carcoma da autorreferencialidade, compartir os carismas e os dons que Deus nos deu”.

“Non é só ofrecer algo, como por exemplo dar algúns bens propios aos demais, senón darse a un mesmo”.

LECTURAS BÍBLICAS NOS DOMINGOS DE XUÑO

DÍA 5	LECTURA	Feit 2, 1-11	Baixou sobre os apóstolos o Espírito Santo
	EVANXEO	Xn 20, 19-23	Díxolles Xesús: Recibide o Espírito Santo
DÍA 12	LECTURA	Rm 5, 1-5	O amor de Deus verteuse no noso corazón
	EVANXEO	Xn 16, 12-15	O Espírito havos encamiñar na verdade
DÍA 19	LECTURA	1 Cor 11, 23-26	Facede isto en memoria de min
	EVANXEO	Lc 9, 11-17	Dádelles vós de comer
DÍA 26	LECTURA	Gal 5, 1.13-18	Fostes chamados á liberdade
	EVANXEO	Lc 9, 51-62	Sígueme e vai anunciar o Reino de Deus